

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 30 de decembro de 2014, polo que se modifican as Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal

Mediante escrito de data de entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia do 19 de decembro de 2014 (nº de rexistro 31.503) os representantes das organizacións sindicais Unión General de Trabaxadores (UGT), Comisións Obreiras (CCOO), Confederación Intersindical Galega (CIG) e Confederación Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI•F) solicitan a modificación do artigo 12.1 das Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia, aprobadas por acordo da Mesa do Parlamento do 5 de xuño de 2006, no senso de que o horario de votación nas eleccións sexa de 9.00 horas a 14.00 horas, dado que todo o persoal ten horario de mañá.

Consultada a Xunta de Persoal, manifesta a súa conformidade coa solicitude de modificación proposta.

De acordo co anterior e dado que existe unanimidade por parte das organizacións sindicais e da Xunta de Persoal para modificar o horario de votación xa que o novo se considera suficiente para que todo o persoal elector exerza o seu dereito ao voto, proponse desde a Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior a modificación do artigo 12.1 nos termos seguintes:

“O día sinalado para efectuar a votación, a mesa electoral constituirase ás oito horas e trinta minutos (8.30 h) e a votación terá lugar desde as nove horas (9.00 h) deica as catorce horas (14.00 h).”

Xa que logo, conforme o disposto no artigo 30.1.2.^a do Regulamento da Cámara e o artigo 3.2.c) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, a Mesa da Cámara, en sesión do 30 de decembro de 2014, dispón:

Artigo único. Modificación do artigo 12.1 das Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal

Modifícase a alínea 1 do artigo 12 das Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia, aprobadas por acordo da Mesa do Parlamento do 5 de xuño de 2006, que queda redactada nos seguintes termos:

“1. O día sinalado para efectuar a votación, a mesa electoral constituirase ás oito horas e trinta minutos (8.30 h) e a votación terá lugar desde as nove horas (9.00 h) deica as catorce horas (14.00 h).”

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta modificación entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta